

**ORDENANZA Nº III.4 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E POR IMPARTICIÓ DE ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.**

\*\*\*\*\*

**ARTIGO 1: Natureza e Fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece os prezos por IMPARTICIÓ DE ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA, que se rexerá pola presente Ordenanza atendendo ás súas normas ó previsto no art. 41 ó 47 e 127 da citada Lei.

**ARTIGO 2: Nacemento da obriga de pago.**

Estará constituído pola utilización e pola impartición de ensinanzas na Escola Municipal de Música. A obrigación de pagamento nacerá pola matrícula por parte do alumno ou da persoa obrigada ao pago.

**ARTIGO 3: Obrigados ó pago.**

Están obrigados ó pago do Prezo Público as persoas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan no artigo 4 desta Ordenanza.

**ARTIGO 4: Prezos.**

**1.** A estrutura e contía do Prezo Público a satisfacer a este Concello polos obrigados ó pago, será a que figura nos seguintes apartados:

**PREZOS POR ESPECIALIDADES**

Especialidade	Matrícula	Cota mensual
Música e movemento	30,50	15,25
Linguaxe Musical	40,65	15,25
Linguaxe Adultos	40,65	15,25
Piano, Percusión	40,65	25,25
Corda, Guitarra, Vento Madeira, Vento Metal	40,65	20,30
Agrupación	40,65	15,25
Ocupación aula	Xa matriculados	5,10

**PREZOS POLO USO DE MATERIAL MUNICIPAL**

Instrumentos	Cota mensual
Violín	8,15
Violoncello	9,15
Contrabaixo	12,20
Frauta	8,15
Clarinete	7,10
Saxo Alto	9,15
Trompa	10,15
Trompeta	8,15
Cornetín	8,15
Trombón	10,15
Bombardino	10,15
Guitarra	8,15

**2.** O aluguer dos instrumentos, será por curso académico, prorrogable, de ser o caso, a dous anos.

**3.-** Esixirásese o pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza dentro dos 5 primeiros días de cada mes, debendo efectuar o seu pagamento na Tesorería Municipal, debendo xustificar o seu pago na Secretaría da Escola Municipal de Música.

**4.-** O solicitante, comprométese a non deixar o instrumento a ningunha persoa, sen autorización do director do centro.

**5.-** Durante o prazo da cesión, o mantemento (limpeza, reparacións, etc...) do instrumento correrá a conta do interesado.

**6.-** No momento da devolución o instrumento deberá estar en perfectas condicións.

**7.-** En todos aqueles casos no cal non acrediten estar empadroados no Concello de Vilagarcía de

Arousa, incrementarase no 25% os prezos establecidos nesta Ordenanza.

8.- Facúltase á Xunta de Goberno Local para a actualización ó IPC dos prezos contidos na presente Ordenanza, de conformidade coa habilitación legal contida no artigo 47.1 do RDL 2/2004.

#### **ARTIGO 5: Beneficios-Reducións.**

1. Só se admitirán os beneficios-reducións que veñen establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais, ademais dos previstos nesta Ordenanza.

2. Estableceranse as seguintes bonificacións-reducións aplicables ós prezos do curso completo:

- Redución do 20% para o segundo membro da mesma unidade familiar matriculado no centro.
- Redución do 50% para o terceiro e seguintes membros da mesma unidade familiar matriculado no centro.
- Ditas reducións aplicaranse sempre por orde de maior a menor idade.

3. Aplicarase unha bonificación do 50% na presente Taxa, en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 44 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumplan os seguintes requisitos:

- Cando os ingresos totais anuais, rateados por meses, non superen o SMI, e non se dispoña de máis propiedades que a vivenda onde residan.

- Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais rateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 60,00 €, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Importe ingresos mensuais rateados} - \text{SMI} = \text{exceso}$$

$$\text{Exceso} / \text{N}^\circ \text{ de membros (excluído o perceptor)} < 60 \text{ euros}$$

A bonificación exposta terá carácter rogado, debendo efectuarse en instancia a parte. Para tramitar a bonificación, o interesado deberá achegar a documentación que sexa requirida polos Servizos Técnicos Municipais e sen prexuízo do depósito previo da taxa.

No caso de que a bonificación sexa concedida con posterioridade a que se efectuara o pago dalgún ou todos os recibos correspondentes ó curso que se esté a realizar, haberá de solicitarse a devolución dos importes correspondentes.”

4. *Exencións: Estarán exentos das taxas reguladas nesta Ordenanza Fiscal aquelas persoas que teñan o recoñecemento de vítimas de actos terroristas tal como as define o artigo 4.1 da Lei 29/2011 de 22 de setembro de Recoñecemento e Protección Integral ás vítimas do terrorismo, así como os fillos daquelas que faleceran en actos terroristas ou daqueles que sufriron danos físicos e ou psíquicos a consecuencia da actividade terrorista.*

#### **ARTIGO 6: Obriga de pago.**

Nace a obriga de pago cando se inicia a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixir o depósito previo.

#### **ARTIGO 7: Liquidación.**

1. No momento de formalizar a solicitude de prestación dos servizos ou das actividades de ensinanza na Escola de Música, deberá cuantificarse o importe do prezo no modelo de impreso que se facilitará para dito fin, e serán aboadas de forma fraccionada nos meses de xuño, setembro e febreiro (orientativamente). Cargarase na conta bancaria facilitada polo pai, nai ou titor ou polo propio alumno conxuntamente cos prezos do curso completo, sendo:

- Primeiro pago (xuño): Matrícula e 1º trimestre.
- Segundo pago (setembro): 2º trimestre.
- Terceiro pago (febreiro): 3º trimestre.

2. Cando se trate de servizos ou actividades que non se poidan cuantificar no momento da presentación da solicitude, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividades, e será esixida conforme o disposto no artigo seguinte.

3. Se se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase o prezo tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o pago nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación do contraído previo.

4. No caso de alumnos e alumnas que formalicen a súa matrícula fora dos prazos establecidos para tal efecto, a Escola Municipal de Música, adoptará uns novos prazos para levar a cabo este trámite, e sempre de maneira fraccionada para que así as contías poidan ser asumidas cómodamente polo solicitante.

#### **ARTIGO 8: Formas de pago.**

1. O pagamento deste prezo realizarase exclusivamente por domiciliación bancaria. O total do importe do curso fraccionarase trimestralmente sen intereses e cargarase na conta bancaria que os alumnos faciliten no impreso de matrícula.

As fraccións do total do importe do curso serán comunicadas ós alumnos pola Escola Municipal no íntre de formalizar a matrícula.

2. Para o suposto de baixa da matrícula do curso académico aplicarase o seguinte:

- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois dos prazos de matrícula do mes de xuño e antes do 31 de xullo do ano en curso, o/a alumno/a terá dereito á devolución do 100% do prezo que teña aboado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comezo oficial das clases o/a alumno/a terá dereito á devolución do 50% do prezo xa aboado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- Por último, se a solicitude de baixa se produce unha vez comezado o curso académico e como data máxima do 31 de outubro, o/a alumno/a poderá formalizar a baixa, quedando así libre do 3º pago do prezo público pola utilización das instalacións e por impartición de ensinanzas na Escola Municipal de Música, debendo aboar os importes que teña pendentes de pago para a concesión definitiva da baixa.
- En todos aqueles casos que por motivos de forza maior, xa sexan por cambio de residencia, situación familiar, etc, será a Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, previa solicitude e xustificación do

solicitante, a que adoptará a resolución que se estime oportuna.

3. No caso de devolución dos recibos polas entidades bancarias, iníciarase os trámites administrativos pertinentes, comunicando a obriga ao pago pendente. No caso de non realizar dito pagamento o alumno ou alumna, perderá o dereito á praza de cara ao seguinte curso académico na Escola Municipal de Música “Bernardo del Río”.

4. No caso de alumnos e alumnas que formalicen a súa matrícula fora dos prazos establecidos para tal efecto, a Escola Municipal de Música, adoptará uns novos prazos para levar a cabo este trámite, e sempre de maneira fraccionada para que así as cuantías poidan ser asumidas cómodamente polo solicitante.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 7 e 8 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

#### **ENTRADA EN VIGOR**

A presente Ordenanza, aprobada a súa redacción definitiva, polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 17 de outubro de 2017, entrará en vigor no curso académico 2018/2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

#### **Fechas anteriores modificacións como taxa:**

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas y pasa a Prezo Público): 27/12/2007  
PUBLICADO BOP (nova ordenanza): 19/03/2012  
PUBLICADO BOP: 30/12/2013  
PUBLICADO BOP: 29/12/2015

#### **Fecha modificación actual como prezo público:**

PUBLICADO BOP: 28/12/2017